

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 24 de xaneiro de 2024 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e na Sala Manolo Ramos, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 26 de decembro de 2023.
- * Aprobación da modificación das normas para a contratación do Profesorado Axudante Doutor.
- * Aprobación da convocatoria do plan de promoción de Profesorado Asociado acreditado para o curso 2024/25.
- * Aprobación da tramitación das modificacións non substanciais de programas de doutoramento por cambio de centro de adscrición.
- * Aprobación da declaración de interese de verificación/modificación de títulos de Grao, Máster e Programas de Doutoramento.
- * Aprobación da proposta dos premios extraordinarios de grao curso 2022-23.
- * Aprobación da proposta dos premios extraordinarios de doutoramento curso 2022-23.

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.